

ALVARELLOS EDITORA ABRE A SÚA NOVA SEDE NA RÚA SEMPRE EN GALIZA DE SANTIAGO



O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, co director da editorial, na súa visita ás instalacións

- O acto estivo presidido polo alcalde da cidade, Xosé Sánchez Bugallo, e contou coa asistencia do subdirector xeral do Libro da Xunta de Galicia, Daniel Buján.
- Esta empresa cultural, fundada en Lugo en maio de 1977, é unha das editoriais máis veteranas de Galicia.

Nun acto presidido polo alcalde da cidade, Xosé Sánchez Bugallo, e que tamén contou coa asistencia do subdirector xeral do Libro da Xunta de Galicia, Daniel Buján, Alvarellos Editora inaugurou hoxe a súa nova sede en Santiago de Compostela, situada no número 4 da rúa Sempre en Galiza.

Trinta e dous anos despois da súa fundación en Lugo, esta empresa consolida así a súa nova etapa, iniciada hai cinco anos xa na capital de Galicia cando, tralo falecemento do fundador (Enrique Alvarellos Iglesias) fíxose cargo da editorial o seu fillo Henrique Alvarellos Casas.

O director da editorial, Alvarellos Casas, definiu a súa empresa como unha industria cultural de “pequenos editores pero grandes libros”. “Un proxecto editorial —dixo— que é un negocio difícil sometido hoxe a moitas incógnicas como a dos libros dixitais e as novas formas de presentar a lectura e o libro, pero que por riba de todo está presidido pola vocación, a inspiración, o traballo duro e a ilusión de futuro”.

Con respecto á súa vinculación actual coa cidade de Compostela, Henrique sinalou que “agora Alvarellos Editora ten dúas *matrias*: Lugo inesquecible e Santiago de futuro”.



Finalmente, fixo fincapé no obxectivo principal dunha empresa editora: “Localizar e dar á luz bos contidos, os mellores contidos. Con esta premisa, os formatos nos que se vendan (papel, *e-book*, ou o que veña) serán secundarios”.

O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, agradeceu a Alvarellos Editora a aposta decidida que esta empresa mantén coa cultura dende hai máis de tres décadas e desexou que este novo emprazamento na capital de Galicia sexa exitoso.

COLECCIÓN ÚNICA DE MÁQUINAS DE ESCRIBIR

Aproveitando a inauguración desta nova sede, Henrique Alvarellos mostrou a colección de máquinas de escribir antigas herdada de sei pai, un conxunto de 150 pezas considerada das máis completas de España, con modelos que van dende finais do século XIX ata os anos oitenta do século pasado. Unha parte deles expóñense nas novas oficinas da empresa. Alvarellos anunciou o inicio de xestións por parte da súa editorial coa finalidade de conseguir que esta colección poida ser exhibida ao público, ben sexa nunha mostra temporal ou como museo permanente.

